

## ELEVACIONES

A primeira publicación individual das Edicións do Dragón permítenos recuperar o contacto cos versos de Rafa Villar. A mensaxe poética de *No mesmo espacio*<sup>1</sup> nace da ferida insubmisa. Non da pasividade na dor senón, como afirma o seu autor no epílogo, "*do que non pode ser raio submiso, do que non pode seguir mordendo mentres haxa un anaco de papel en que consumir abecedarios.*"

O viaxeiro, magníficamente representado na portada do cartafol por Tokio, guianos na procura desa liña do horizonte sempre esquiva e difusa, sempre alongada. Pois, detrás del, no pasado, está o noso punto de chegada. As vivencias antigas revélanse como recordo emocionado, estremecido, que forza á búsqueda constante do rastro evanescente dunha amada, ser de auga.

Sabes a chuvia, a mar, a río.

Onda es e fervenza.

Caendo múltiple sobre a terra.

(...)

describe

na miña pel

o curso lento da auga fresca.

A búsqueda acentúa no eu poético un desexo ardente e ilimitado que se alimenta do recordo dos ollos e as mans, outrora habitantes dese espacio agora desolado. A angustia da esculca provoca estigmas e só hai unha forma de neutralizala: a chegada de ela "*como quen espera,/ vibrando e repartindo escuma.*" Só o feito de compartir un espacio permite trazar un novo horizonte, esa "*liña do ceo que nos agocha,/ lonxe da infamia*". Pois o amor confórmase en potencia rexeneradora capaz de modificar a natureza dunha terra que é, constantemente, abandonada na elevación paixonal e indefectiblemente reencontrada. Pero, sempre, a volta depáranos unha nova mutación na súa realidade, un cambio que contrasta coa permanencia das palabras:

Estas palabras que ves tan desgastadas

han de permanecer

máis alá do noso encontro.

---

<sup>1</sup> Edicións do Dragón, Galiza, 1995

A procura da amada esixe do eu poético unha constante elevación, a apropiación dun espazo ignoto e anónimo que lle resulta alleo obrigándoo a aprender a *"enumerar as estrelas e as galaxias"*. Pois só transformándose en cometa logrará descubrir á amada, agora ser celeste, escondida no seo das constelacións. E, desde este ámbito, só hai unha forma de regreso á terra: a chuvia. Ambos acaban por ser auga que se fragmenta e que vén fertilizar a terra e traer a ilusión da vida para os seres que a habitan desde a creación, para eles, dos ríos e as ribeiras.

Nas recaladas,  
ao que o vento encalme,  
habemos de dividirnos en fragmentos,  
en pingas, en promesas,  
e ti virás comigo pola terra  
para invertarmos os ríos  
e as ribeiras.

Esta potencia creadora vén permitida pola peculiar natureza dunha muller - *"río/ que vai dar de novo á montaña"*- que ten as súas orixes nun mar-líquido amniótico para rematar sempre no cumio da montaña desde a que subir ó ceo feita estrela. Esta forza ascendente arrastra ó eu poético desde a terra cara o ceo, rescátalo dos escuros abismos cara o territorio da luz. Por iso a caída é máis angustiosa para el que se ve abocado á triste realidade da terra e desposuído do poder rexenerador do mar.

Do último beixo ignoro  
se tiña unha intención oculta,  
se era eu o que se afundía  
ou eras ti a que comezabas  
unha nova e grata singradura  
sen o meu mar inchando as túas velas.  
Eu tampouco non tiven azos  
para che pedir o mapa da túa ausencia.

E así exclama: *"Tras a navegación/ unicamente nos queda escrutar o horizonte./ O lonxe que nos uniu."* Pero sempre, mentres vaga por unha terra que

agora, despois da singradura sideral, lle resulta descoñecida e dura, ten consciencia da esperanza de volver reconstruír os mapas que marcan a xeografía feminina. Pois invariablemente sabe que ela é *"o destino irremediábel, a chegada,/ un imperceptíbel punto do cosmos/ sen o que eu/ vou extinguindo a miña luz."*

Sobre a terra quedan aínda camiños por explorar, rotas que conducen ó reencontro, á fin do horizonte onde mar e ceo se unen, onde ese ser de auga e luz está agardando a chegada dun eu poético consciente da súa fragilidade *"Son, quizais, un sopro,/ unha forza indolente/ que se ampara nas palabras/ para intentar fuxir un pouco."* - pero que afirma:

Sempre hai un credo profesado, unha vivencia,  
que parte do máis íntimo e resgardado  
e fai camiño.  
Sobre a terra.

A seguridade da volta imponse sobre a aceptación da derrota ligada a unha fe invariable *"De verdade que creo en ti./ E admito a miña derrota"*- e, pese á incertidume, triunfa a certeza do regreso. Así, na contraportada, sobre a impresión dunha man, elévase unha mensaxe de reencontro repetida en clave lírica nos versos:

Non sei como  
pero hei volver.  
Que me agarden as palabras e os combates,  
que me agarde o son,  
porque todo me recorda a ti,  
mesmo o silencio.

E, mentres agardamos o retorno, só nos queda esculcar -desde a terra- a porta de entrada no ceo que se atopa nun resquicio escuro do horizonte onde este roza o mar. Á fin, todos son o mesmo e diferentes espazos para percorrer desde o amor compartido.

TERESA SEARA

*A Nosa Terra*, 685, 3-8-1995, p. 26